

Igrexa de Il Gesù (Vignola e Giacomo della Porta)



DATOS TÉCNICOS DA OBRA

AUTOR: O edificio foi realizado por Vignola e a fachada por Giacomo della Porta.

CRONOLOXÍA: Comezada cara 1568, rematándose a fachada en 1574 (segunda metade do XVI)

LOCALIZACIÓN: Roma (Italia)

ESTILO: arquitectura renacentista italiana (Manierismo)

CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.

O Renacemento foi un estilo que admiraba a Antigüidade clásica, tratando de recuperar moitas das formas da cultura grecorromana, reinterpretándoas e adaptándoas á nova linguaxe artística en torno a dous conceptos: a perspectiva e a proporción.

O Renacemento desenvolveu nun contexto no que se impuxeron o antropocentrismo e o Humanismo, a burguesía acadou un importante papel como grupo social (cliente da arte), os artistas deixaron de ser meros artesáns, sendo agora protexidos polos chamados mecenas.

O novo estilo iniciouse en Italia no século XV, xa que nesa parte de Europa no se perderá de todo a herdanza clásica. Os restos da arte romana ou tratados teóricos como os do arquitecto romano Vitrubio tiveron un peso considerable no inicio do novo período artístico.

Cronolóxicamente, o Renacemento desenvolveuse en dúas fases: o Quattrocento (século XV), e o Cinquecento (século XVI, sendo coñecido ao final desa centuria co termo Manierismo)

O Manierismo orixinouse nunha época de cambios políticos e crises relixiosas, transcendendo á arte e manifestándose en angustia, desequilibrio e distorsión, debido ao desasosego do ser humano. Foi un movemento complexo, simultáneo no tempo co Renacemento e co Barroco, pero con personalidade propia.

Na arquitectura manierista rexeitábanse os elementos clásicos como a orde, a harmonía ou a unidade, transmitindo as formas tensión e abstracción. O decorativismo e a plasticidade aumentan nas obras. Por outra banda, utilízanse de forma arbitraria a monumentalidade e o dinamismo dos elementos arquitectónicos.

ANÁLISE FORMAL DA OBRA.

Vignola (1507-1573) foi un arquitecto e teórico formado na escola romana e discípulo de Miguel Anxo. En 1568 recibiu o encargo dos xesuítas de realizar a igrexa matriz da súa orde, Il Gesù. Neses momentos, o Concilio de Trento (rematado 6 anos antes), formulara as súas orientacións para a arquitectura relixiosa, segundo as cales había que acentuar o seu sentido devocional.




Vignola construiu a igrexa segundo estas directrices. Elixiu unha pranta dunha soa nave, con capelas que substitúen ás naves laterais; deste xeito conseguía acoller un maior número de fieis e centrar a atención dos mesmos cara o altar, situado na cabeceira.

A única pranta do templo remata unha ábsida circular.

Sobre o cruceiro situou unha cúpula, tal como fixera Alberti na igrexa de San Andrés de Mantua. Dita cúpula proporciona iluminación ao interior do templo.

A fachada, realizada entre 1572 e 1574, foi obra de Giacomo della Porta, quen introduciu elementos decorativos que amosan elementos que veremos no barroquismo. A fachada distribúese en dous corpos con pilastras e remátase cun amplo frontón e grandes volutas laterais, que resollen a maior anchura do corpo baixo, que ten a amplitude da nave central e das capelas.

Resalta a entrada con columnas, un gran frontón triangular inscrito noutra circular e flanqueado por hornacinas



CONCLUSIÓN

A pranta desta igrexa serviría de modelo para outros edificios relixiosos a raíz da Contrarreforma, ademais de referencia das igrexas da Compañía de Xesús nos países católicos.